



# MARCAPÁXINAS SOLIDARIOS

15ª Edición - 2023

## FICHA DIDÁCTICA



Save the  
Children



Nome

**Toslina**

Idade

**5 anos**

País

**Bangladesh**  
(refuxiado rohingya)

Soño

**Volver á súa casa.**

## COÑECE UN POUCO MÁIS SOBRE COMO É A VIDA DE TOSLIMA

Un dos soños de Toslima é volver á súa casa, porque vive coa súa familia no maior campo de refuxiados do mundo, Cox's Bazar. A poboación rohingya vive aquí en condicións complicadas cando chegan das súas aldeas atacadas por grupos armados. En concreto, a familia de Toslima tardou tres días camiñando ata chegar a Bangladés, onde se encontra o campamento de refuxiados.

Neste campamento, case 1 millón de persoas (máis da metade son nenas e nenos) viven en terras fráxiles, con alto risco de ciclóns e asolagamentos durante o monzón anual. As casas están feitas de bambú e plástico e a drenaxe e a electricidade son extremadamente limitados. Nestas condicións de vida precarias, os nenos son increíblemente vulnerables.

Aos tres anos enfermou, cren que de tétano, mais a partir de entón a conduta de Toslima mudou por completo. O traballo desenvolvido por Save the Children nos Espazos Amigables para a Infancia é fundamental, porque están en contacto directo cos nenos e nenas e poden observalos nun lugar seguro, onde xogan e interactúan con outras nenas e nenos e poden, a partir de aí, traballar na mellor forma de atallar as dificultades individuais.

Medrar nun lugar como un campo de refuxiados é complicado: as familias destas nenas e nenos deixaron todo atrás por causa da violencia e a preocupación sempre está presente. O soño destes adultos é volver ás súas casas, mais tamén é o soño das nenas e nenos que medran nun lugar diferente do que proceden e fano en lugares inestables en moitos sentidos.

Desde o 25 de agosto de 2017 o conflito é cualificado como conflito armado non internacional. É un pobo privado da cidadanía e, xa que logo, dos seus dereitos básicos. O sufrimento dos rohingya empeora conforme pasa o tempo.

## A CULTURA ROHINGYA

Sempre se dixo que a cultura rohingya é incrivelmente enxeñosa. Dentro do campo de refuxiados de Cox's Bazar podemos encontrar refuxiados, artistas e artesáns rohingya que coleccionan obxectos, poesía, música, receitas e historias. Consideran que a arte e da escritura son medios de transferir coñecementos e, deste xeito, asegurar a continuidade da súa cultura. Embarcacións de madeira, cestaría, bordados, música, relatos de contos... son algunhas das mostras da cultura rohingya que podemos encontrar.

**Salvemos e protexamos a cultura de Toslima:** máis dun millón de persoas que viven neste campo de refuxiados soñan con volver á súa casa. Queren recuperar o dereito a unha vivenda e identidade. Así pois, propoñemos actividades relacionadas nas que poderedes coñecer máis sobre eles e seguir investigando.

**Coas seguintes actividades** que vos propomos, queremos sensibilizar o voso alumnado ante a situación de desprotección que sofren milleiros de nenas e nenos, que viron as súas vidas cambiar dun día para outro e que non saben cando recuperarán a situación de seguridade que antes tiñan.

**Podedes decorar o marcapáxinas** coas ideas e reflexións expostas na clase por parte das vosas alumnas e alumnos, que poden personalizar os seus marcapáxinas con outras nenas e nenos que sofren as consecuencias dalgún conflito, como forma de contarlles ós seus familiares o que aprenderon e viron na clase.



## OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura a través da historia proposta.
- Coñecer e descubrir o medio que a rodea, establecendo comparacións con outros medios.
- Fomentar ferramentas de investigación.
- Fomentar a lecto-escritura por medio de propostas didácticas.
- Fomentar, poñer en valor e exercer a solidariedade diariamente.

As seguintes propostas están pensadas para seren realizadas segundo a etapa na que se encontre a alumna ou alumno, aínda que podedes adaptalas ao voso grupo como mellor consideredes.

## INFANTIL

O camiño de volta á casa. Imos pensar como é o noso camiño desde a casa ata o colexio, que vemos, se pasamos por algún parque, as rúas, os edificios... O camiño de volta a casa de Toslima será moi diferente, canto credes que tardará? Pode ir andando ou ten que ir en coche ou en tren? Existen perigos no camiño? Debuxemos entre todas e todos como cremos que será o camiño de volta á casa de Toslima, desde o campo de refuxiados onde está agora ata o lugar do que saíu a súa familia. Con esta actividade podemos ver o importante que é ter un espazo no que sentirnos felices e protexidos como querería Toslima.

## PRIMARIA

A mellor noticia para Toslima sería volver á súa casa, porque vería como se cumpre o seu maior soño. Imos axudar a Toslima a facer a maleta para tornar ó seu fogar despois de tanto tempo vivindo no campo de refuxiados: que credes que levaría na maleta? Que roupa pode levar? Ten Toslima moitos xoguetes? Reflexionamos sobre como é vivir nun campo de refuxiados, o tipo de obxectos materiais que poden posuír estas familias e estes nenos e nenas e o acceso que teñen a servizos sanitarios ou escolas.

## SECUNDARIA

A cultura rohingya é moi descoñecida, mais hai centos de milleiros de persoas que levan anos vivindo fóra das súas casas, no maior campo de refuxiados do mundo. Convidámosvos a investigar sobre esta cultura, localizar xeograficamente onde viven agora, as razóns polas que son perseguidos, por que ninguén os quere no seu territorio e como, por mor destas e moitas outras circunstancias, están a perder a súa cultura. Podedes expor o aprendido nun mural para que o resto do alumnado o poida ver.



# DI SI Á PAZ

**Sabemos o importante que é educar para resolver conflitos pacificamente e estimular unha cultura baseada no diálogo e a empatía.** Desde Save the Children cremos no alumnado como protagonista da acción, que se mobiliza para mudar o mundo e se forma en valores de solidariedade, respecto e nunha cultura de paz.

**Mobilízate coas túas alumnas e alumnos coas actividades nas que te inscribiches. Precisamos unha marea de colexios que berren con forza un SI Á PAZ.**



**SI TE MOVES,  
O MUNDO MÓVESE**



**Save the Children**